

CONCELLO DE FRIOL

**PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN,
COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DE PEÓNS DO GRUPO DE
EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL (BOP LUGO DO
10/08/2021 E CORRECCIÓN DE ERROS DO 22/09/2021)**

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO TRIBUNAL PARA A REALIZACION DA PROBA
PRACTICA PREVIAMENTE CONVOCADA POLO TRIBUNAL NA SESION
EXTRAORDINARIA DE DATA 26/01/2022**

Lugar: Instalacións do Mercado Municipal do Concello de Friol

Data: 03/02/2021.

Hora de inicio: 10:00

Hora de finalización: 15:00

Asistentes:

Presidente: D. Celestino Amigo Liñares

Secretario: D. Fernando Teijeiro Poudereux

Vogais: Dña. Gloria Trigo Mayor e Dña. Sara Martinez Ferreiro

Persoal asesor e colaborador na celebración da proba así como na ordenación documental e vixilancia: Jesús Manuel Conde Fernández, José Manuel Loureiro Corrales.

Reunidos os integrantes do Tribunal, nomeados por resolucións do Alcalde de 22 de outubro e 5 de novembro de 2021 para creación dunha lista de contratación, como persoal laboral temporal, de peóns do grupo de emerxencias supramunicipal do Concello de Friol, aproban por unanimidade os seguintes

ACORDOS

1. Concreción das normas establecidas nas bases da convocatoria.

A base 6 da convocatoria regula no seu apartado A "Fase de Concurso", de carácter voluntario e non eliminatoria, concretando os distintos méritos e medios de acreditación, pero sen precisar o momento procedimental en que debe realizarse.

A mesma base 6 da convocatoria establece literalmente o seguinte:

B.- Fase de Oposición: Obrigatoria e eliminatoria

(Puntuación máxima: 20).....

(...) Segundo exercicio: Consistirá na realización dunha proba práctica relativa ás funcións do posto relacionadas na base segunda. Para a realización deste exercicio os aspirantes disporán dun tempo máximo de 15 minutos (Puntuación máxima: 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para supercar a proba)

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamada única e por orden alfabético, para este procedemento de selección e deberán presentarse co seu DNI. A non

presentación ao exercicio no momento de seren chamados/as comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no procedemento de selección e quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

E a base sétima, polo que interesa ao obxecto desta reunión, establece o seguinte:

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Da lectura anterior resulta obvia a necesidade de concretar e publicar as decisión que resulten precisas en relación cos seguintes extremos:

Prazos para reclamacións.

Concreción do valor das respostas correctas.

Consecuentemente co anteriormente exposto e en harmonía coa discrecionalidade técnica que a vixente normativa e a xurisprudencia recoñecen aos órganos de selección, por unanimidade acórdase o seguinte:

PRIMEIRO. Reclamacións e prazos:

Os aspirantes poderán reclamar respecto dos resultados das distintas probas de oposición e a valoración de méritos do concurso no prazo de dous días hábiles a contar desde o día seguinte ao da data de publicación na páxina web oficial do Concello.

SEGUNDO. Aprobar as seguintes instrucións aclaratorias das bases reguladoras, para a realización da proba prevista na base 8.B da convocatoria, consistente nun exame tipo test:

"INSTRUCCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DO EXAME"

- 1.- Os aspirantes deixarán teléfonos, dispositivos móbiles, e DNI, na bolsa facilitada o efecto, que será custodiada polo secretario do tribunal ata a finalización da proba.
- 2.- Procederase o chamamento para a realización do exame por sorteo.
- 3.- Cada aspirante de forma individual recibirá o suposto practico a realizar, que será debidamente explicado polos asesores nomeados polo tribunal para a proceder a realización da proba.
- 4.- Tras a lectura e comprensión do exercicio, darase comezo o mesmo e dende ese momento ata a finalización da proba non se resolverá nin contestará dúbida nin pregunta de ningún tipo
5. – O remate da proba, ou transcorrido o tempo para realizar a mesma, asinarase o suposto práctico facilitado polo aspirante en farase entrega do mesmo o tribunal.
- 6.- O suposto practico e normas de corrección serán publicadas coa acta do resultado final da proba.

7.-As persoas que necesiten un certificado de asistencia, poderán pedirlo a calquera membro do tribunal, e será expedido polo secretario do mesmo.

Estas instrucións leranse aos aspirantes con anterioridade ao comezo da proba, podendo solicitar as aclaracións que estimen oportunas, deixando constancia do inequívoco coñecemento por parte de todos os aspirantes presentes.

TERCEIRO. Determinación do contido do Segundo exercicio, proba práctica.

Realizada a selección de un dos supostos prácticos propostos polos asesores, procédese á elaboración do exame e aprobación das plantillas correctoras e a súa impresión en número suficiente para proporcionarllo aos aspirantes.

2. Chamamento, acreditación e realización da proba.

Ás 11:15 horas procédese ao chamamento e identificación dos aspirantes para realizar a primeira proba prevista nas bases da convocatoria.

Acredítanse as persoas aspirantes que logo se relacionan:



1	CARREIRA NUÑEZ , JOSE MANUEL
2	FERNANDEZ PEREZ, JOSE ANTONIO
3	FERNANDEZ, BARREIRO NILO
4	FERNANDEZ LOPEZ, TOMAS
5	GAYOSO VIGO, ISAAC
6	LODEIRO FRAGA, FERNANDO
7	OTERO FERNANDEZ, BORIS
8	PRIETO RIVAS, JAVIER
9	RABADE OTERO, JACOBO
10	RAMOS ASCARIZ, JESUS
11	VAZQUEZFERREIRO, JESUS
12	VILELA TORRON, DANIEL
13	VIZCAINO GUERRA , EDER

Procédese o sorteo para o comezo das probas, por "insaculación"; o aspirante que comezará de primeiro a proba é o número "7", que se corresponde con Boris Otero Fernández.

Informados puntualmente das instrucións aprobadas por este Tribunal o Presidente declara que comeza o exame, ás 11:00 horas e 26 minutos, dispoñendo cada aspirante de 5 minutos para a realización da proba desde que se indique o inicio polo Tribunal tras o oportuno chamamento individualizado.

3. Proba práctica a realizar e plantilla de corrección.

A proba práctica facilitada a cada aspirante é a transcrita a continuación:

**SEGUNDO EXERCICIO PARA A CREACION DUNHA LISTA DE CONTRATACIÓN COMO PERSOAL
LABOERAL TEMPORAL DE PEONS DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL DO
CONCELLO DE FRIOL
SUPOSTO PRACTICO**

Hoxe, día 3 de febreiro de 2022, na Base do GES de Friol, recíbese unha chamada alertando sobre unha saída da calzada dun turismo nunha pista municipal no termo municipal de Begonte.

Atópase vostede fóra da súa quenda de traballo como peón do GES. Por necesidades do servizo, recibe vostede unha chamada do responsable do servizo indicándolle que dado que é a persoa que máis cerca se atopa, debe comparecer no lugar do sinistro coa maior brevidade posible.

Dada a premura da situación, chega vostede de primeiro ao lugar do sinistro.

Pode vostede observar como o turismo obxecto do sinistro atópase fora da calzada, cun poste de madeira de telefonía derrubado enriba do vehículo o que impide que a vítima poda saír polos seus propios medios.

Ademais, observa como comeza a saír fume da zona do motor.

Os sanitarios xa se encontran no lugar do sinistro e procederon á inmovilización da vítima, a cal atópase consciente.

Rapidamente comparece un novo compañeiro co camión de intervención.

Tendo en conta que vostede chegou directamente sen pasar pola base:

- En primeiro lugar deberá seleccionar o EPI e o material apropiado para iniciar a intervención.

- Unha vez xa conta con todo o equipo de intervención adecuado posto, debe comezar os traballos de intervención, co fin de socorrer a vítima. Contará coa axuda do compañeiro que apareceu no camión de intervención, se ben debe ter en conta que dita persoa non conta cos coñecementos necesarios polo que simplemente o axudará en aquilo no que llo solicite.

Debe ter en conta que disporá dun **total de 5 minutos para resolver a proba práctica, tendo en conta que a PREGUNTA 1 e o APARTADO 2 DA PREGUNTA 2 terán un máximo dun **minuto e medio para que poidan ser puntuadas**. Os restantes apartados da PREGUNTA 2, poderá adminístralos baixo a súa consideración, tendo en conta o total de 5 minutos para a resolución do suposto práctico.*

PRIMEIRA PARTE DA PROBA PRACTICA

PREGUNTA 1.- Valorarase sobre un total de 1,5 puntos.

Deberá seleccionar os EPIS adecuados e o material apropiado para proceder a intervención.

**Por mor da ausencia de tallaxe para todos os aspirantes e a aplicación dos protocolos COVID-19, o aspirante simplemente deberá seleccionar os EPIS que considere necesarios, os que se encontrarán expostos nunha mesa, e deberá separalos e deixalos noutra mesa instalada a tal efecto.*

*O aspirante disporá dun total de **UN MINUTO E TRINTA SEGUNDOS**. A puntuación ponderarase da seguinte maneira:*

- Se o aspirante selecciona todos os EPIS correctos no tempo de UN MINUTO OU MENOS, recibirá a puntuación completa (1,5 puntos).*
- Se o aspirante selecciona todos os EPIS correctos EXCEDENDO DE UN MINUTO E POR DEBAIXO DE UN MINUTO E TRINTA SEGUNDOS, recibirá 0,5 puntos.*
- Se o aspirante non selecciona todos os EPIS adecuados no tempo establecido, ou ben, os selecciona incorrectamente, non recibirá puntuación algunha.*

SEGUNDA PARTE DA PROBA PRACTICA

PREGUNTA 2.- Valorarase sobre un total de 5 puntos.

- Debe seleccionar o material necesario para proceder a intervención e indicar como priorizaría as diferentes actuacións, tendo en conta que o fin último é a excarcelación da vítima.

Esta pregunta consta de 3 apartados:

APARTADO 2.1.- Puntuación total: 1 Punto

Debe seleccionar o material necesario para proceder a intervención e indicar o tribunal cómo priorizaría as diferentes actuacións.

APARTADO 2.2.- Puntuación total: 3 Puntos

O aspirante deberá proceder á corta do poste de madeira que está encima do vehículo antes de proceder á excarcelación do accidentado.

Para elo, debe escoller por un lado a protección necesaria e adecuada para a utilización da máquina de cortar adecuada.

Por unha negligencia dun compañeiro doutra quenda, a máquina quedou desmontada, polo que deberá montar a cadea e a espada, para o que se lle facilitarán guantes de traballo.

O aspirante disporá dun total de **UN MINUTO e TRINTA SEGUNDOS** para a montaxe da máquina. A puntuación ponderarase da seguinte maneira:

- Se o aspirante é capaz de realizar a montaxe nun minuto (3 puntos).
- Se o aspirante é capaz de realizar a montaxe nun minuto e trinta segundos, recibirá 1 puntos.
- Se o aspirante non é capaz de realizar a montaxe da máquina ou supera o minuto e medio, non recibirá puntuación algunha.

No caso de que non supere dito apartado, se lle informará unha vez superado o minuto e medio, da aparición dun veciño cunha máquina de cortar co fin de que continúe co exercicio.

APARTADO 2.3.- Puntuación total: 1 Punto.

Unha vez que a máquina de cortar está montada, deberá escoller do camión de intervención os materiais necesarios para proceder á excarcelación da vítima.

TERCEIRA PARTE DA PROBA PRACTICA

VALORACION GLOBAL DA PROBA REALIZADA POLO ASPIRANTE: (Puntuación total 3,5 puntos)

O tribunal cualificador, unha vez realizada a proba práctica e escoitado o criterio do persoal asesor, valorará a claridade dos coñecementos demostrados durante a execución da proba práctica, a orde e claridade das ideas, a boa execución, a rapidez e exposición dos coñecementos requiridos, a correcta orde e utilización dos materiais, así como o correcto uso do compañeiro proporcionado.

4. Corrección da proba, resultados e publicación.

O Tribunal procede seguidamente a corrección da proba coa aprobación da plantilla de respostas correctas do exercicio práctico de cada un dos aspirantes do proceso selectivo para a creación dunha lista de contratación, como persoal laboral temporal, de peóns do grupo de emerxencias supramunicipal do concello de Friol

Efectuada a pertinente corrección dos exercicios realizados polas persoas aspirantes resultan as seguintes puntuacións:

ASPIRANTE	TEMPO	PREG 1	PREGUNTA 2			2. P GLOB	TOTAL PUNTOS
			2.1	2.2	2.3		
CARREIRA NUÑEZ, JOSE MANUEL	4,15	1,5	1	0	1	2,5	6
FERNANDEZ PEREZ, JOSE ANTONIO	4,1	1,5	1	0	1	2,5	6
FERNANDEZ, BARREIRO NILO	4,5	0	0,75	0	0	1	1,75
FERNANDEZ LOPEZ, TOMAS	3,8	1	1	0	1	2,5	5,5
GAYOSO VIGO, ISAAC	4,6	1	1	1	1	3	7
LODEIRO FRAGA, FERNANDO	4,2	1	1	0	1	2,5	5,5
OTERO FERNANDEZ, BORIS	3,5	1,5	1	0	1	2,5	6

PRIETO RIVAS, JAVIER	*(+5)	0	1	0	0,33	0	0
RABADE OTERO, JACOBO	4,25	1	1	0	1	2,5	5,5
RAMOS ASCARIZ, JESUS	3,8	1,5	1	0	1	2,5	6
VAZQUEZFERREIRO, JESUS	4,3	1	1	0	1	2,5	5,5
VILELA TORRON, DANIEL	4,25	1	1	1	1	3	7
VIZGAINO GUERRA, EDER	4,45	1	1	0	1	2,5	5,5

*EXCEDIDO TEMPO PROBA= NON
SUPERADA

5. Declaración provisional de persoas que superaron o primeiro exercicio.

Decláranse que superaron o primeiro exercicio, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, as persoas aspirantes que obtiveron unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

6. Prazo de reclamacións.

En harmonía co acordado por este Tribunal establécese un prazo de reclamacións de dous días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación dos resultados anteriormente transcritos na páxina web do Concello de Friol, que deberán ser presentadas no rexistro do Concello de Friol, coas formalidades e requisitos establecidos na Lei 39/2015.

Resoltas as eventuais reclamacións procederase a publicar os resultados definitivos e proposta de formación de lista na páxina web do Concello de Friol.

Non habendo mais asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión á hora que se indica no encabezamento, asinando os asistentes a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

EL PRESIDENTE,

EL SECRETARIO,


